



Anuncio

O presente documento estará
exposto no Taboelro de
Anuncios da Deputación
desde o día 26-11-2025
ata a día 26-12-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, CATEGORÍA OFICIAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, catorce (14) prazas de Maquinista-Conducutor/a da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, a vista da proposta do Tribunal Cualificador publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo o día 09.06.2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria do 15 de setembro de 2023 e publicada no BOP núm. 219, de 22 de setembro de 2023, acordou o nomeamento, para cubrir en propiedade as 14 prazas de Maquinista-Conducutor/a indicadas anteriormente, entre as prazas incluídas atópase a praza número 265 á que se lle vincula o posto de traballo número 225. Non obstante, a persoa inicialmente seleccionada para ocupar esta praza solicitou e foille concedido o adiamento do seu nomeamento como funcionario de carreira ata que se producira a revisión da súa incapacidade permanente. Finalmente, dita persoa non puido ser nomeada como persoal funcionario ao terse recibida a Resolución da Dirección Provincial de INSS de A Coruña con data do 25 de xuño de 2025 na que se confirma a incapacidade permanente que ten recoñecida na actualidade e na que non se prevé que a situación de incapacidade vaia ser obxecto de revisión por melloría.

A vista do anteriormente sinalado e tendo en conta que a seguinte persoa aspirante proposta, que figura no número 1 da orde de inclusión na dita listaxe de emprego temporal, presenta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo así os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don Francisco Javier Doral Gómez, para ocupar a praza número 265, denominada Maquinista-Conducutor/a, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Conducutor/a entrada número 225".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3327

CONSEJO

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 26-11-2025
ata a día 26-12-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA

